

Boletín Oficial

DE LA PROVINCIA DE LUGO

<http://www.diputacionlugo.org/>

<u>PRECIOS DE SUSCRIPCION</u>	<u>ANUNCIOS Y OTRAS INSERCCIONES</u>
Al año.....36,06 €	Por cada palabra o números.....0,15 €
Al semestre.....24,04 €	- Las inserciones con carácter de urgencia, el importe será el doble de la inserción normal.
Más gastos de envío	- La tarifa se incrementará en un 50%, en los casos en que los textos a publicar no se entreguen o envíen en soporte informático compatible, según establece el art. 10 de la ordenanza reguladora del B.O.P.
Los municipios de la provincia recibirán gratuitamente una suscripción.	- Importe mínimo de publicación.....6 €
VENTA DE EJEMPLARES SUELTOS	SE PUBLICA TODOS LOS DIAS, EXCEPTO LOS FESTIVOS
Por ejemplar de hasta 8 páginas0,60 €	<i>Depósito Legal LU-1-1968 / Franqueo concertado (27-2)</i>
Por ejemplar de más de 8 y hasta 12 páginas.....0,90 €	Imprime: "El Progreso de Lugo, S.L."
Por ejemplar de más de 12 páginas.....1,35 €	
<small>LAS SUSCRIPCIONES Y ANUNCIOS SE HARAN PREVIO PAGO DE SU IMPORTE</small>	

Excma. Deputación Provincial

Area de Cooperación e Asistencia aos Concellos

Aos efectos oportunos, e a obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 9.3), da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, se fai constar que, polo Pleno desta Deputación Provincial, con data 25 de febreiro de 2009, aprobou as bases que se relacionan a continuación:

BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES ASOCIATIVAS, AGRUPACIONES E ASOCIACIONES DE VECIÑOS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E ESTABLECEMENTO, AMPLIACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS DE INTERESE VECIÑAL - ANO 2009.

Base 1. Obxecto.

A presente convocatoria ten como finalidade articular axudas a comunidades veciñais, agrupacións ou asociación de veciños para a realización de obras de acondicionamento no medio urbano e rural.

Para tales efectos as obras referiranse á execución de pequenos abastecementos de auga potable, saneamentos, pavimentacións, rede de sumidoiros, iluminacións públicas, acondicionamento de camiños rurais, instalación de pequenos repetidores de TV, arranxo e acondicionamento de capelas, fontes, hórreos, muíños, obras de acondicionamento e arranxo de locais sociais, así como pequenas infraestruturas deportivas e outras análogas.

Base 2. Réxime de concorrencia.

As subvencións ás que se refiren as presentas bases convócanse en réxime de concorrencia competitiva.

Base 3. Contía da subvención.

A contía global destinada a esta actuación é a que figura no orzamento da Excma. Deputación Provincial, para a anualidade do presente ano 2009, e ascende a cantidade de 2.200.000,00 euros (partida orzamentaria 511.2.788).

A contía de cada subvención individualmente concedida non poderá superar a cantidade de DOCE MIL EUROS (12.000,00 euros) e non poderá exceder do 75% do importe da actividade subvencionable.

Non existirá a posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta das subvencións concedidas.

Base 4. Perceptores de subvencións.

Poderán ser perceptores das subvencións, as asociacións de veciños e colectivos cidadáns que o soliciten sempre que reúnan os seguintes requisitos:

a).- Ser asociacións de veciños ou colectivos veciñais, sen ánimo de lucro.

b).- Desenvolver a súa actividade e solicitar a subvención para a execución das obras en calquera municipio de provincia de Lugo.

Base 5. Carácter da subvención.

As subvencións que se concedan terán carácter voluntario e eventual e, a Corporación Provincial, por medio da Xunta de Goberno, e, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, poderá revisalas ou, no seu caso, revogalas ou reducilas en todo momento. Ademais, non xeran ningún dereito á obtención doutras subvencións en anos posteriores e non poden alegarse como precedente.

En calquera caso, a Deputación Provincial, quedará exenta de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

Base 6. Dereitos e obrigas dos perceptores.

A entidade ou colectivo perceptor da subvención terá os dereitos e obrigas seguintes, de conformidade co sinalado no art. 5 da ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

A entidade o colectivo perceptor da subvención terá dereito a pedir e obter, en todo momento, o apoio e a colaboración da entidade local na realización da actividade o proxecto.

Os perceptores da subvención están obrigados a:

1.- Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen, a esta Excm. Deputación Provincial, no prazo máximo de quince días, a partir da notificación do outorgamento, a renuncia, entenderase que a subvención é aceptada.

2.- Realizar a actividade para a que foi concedida a subvención, axustándose aos termos do proxecto.

3.- Acreditar perante esta Excm. Deputación Provincial a realización da actividade e cumprir cós requisitos e condicións que determinaron a concesión da axuda.

4.- Someterse as actuacións de comprobación e facilitar os datos que se lle requiran.

5.- Dar conta das modificacións que poidan xurdir na realización do proxecto, xustificándoas adecuadamente.

6.- Salvo precisión expresa contemplada nas bases reguladoras, os perceptores non subcontrataran os proxectos obxecto das devanditas subvencións.

7.- Comunicar, tan pronto como se coñeza, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de outras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.

8.- Xustificar adecuadamente a subvención na forma que se prevé nas presente bases.

9.- Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se encontre ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social.

10.- Dispoñer de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e secto-

rial aplicable o beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras da subvención, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control. En todo caso, deberán dispoñer dos xustificantes das contas de gastos e pagos.

11.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, entanto podan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, e durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.

Así mesmo deberá facerse constar expresamente o patrocinio da Excm. Deputación Provincial de Lugo en todos os medios utilizados para a divulgación das obras subvencionadas.

Base 7. Solicitudes; presentación das mesmas e prazos, lugar de presentación e órgano ao que se dirixe a petición. Documentación a presentar polas asociacións e outras entidades con personalidade xurídica, ou colectivos cidadáns.

O órgano competente para a convocatoria do procedemento será o Ilmo. Sr. Presidente da Excm. Deputación Provincial, e que incluírá o prazo que se conceda para a presentación de solicitudes, e será publicada no Boletín Oficial da Provincia e medios de comunicación social.

As entidades e colectivos interesados deberán solicitar a subvención dentro do prazo que se sinale na convocatoria, podéndose formalizar en impreso normalizado establecido ao efecto.

Un exemplar da solicitude, xunto coa documentación que se acompañe, presentaranse no Rexistro Xeral desta Deputación Provincial, quedando o outro exemplar en posesión dos interesados, e serán dirixidas a Presidencia da Excm. Deputación Provincial. Así mesmo poderán selo en os Organismos regulamentariamente establecidos ao efecto.

A solicitude da subvención deberán acompañar a seguinte documentación:

Proxecto concreto ou memoria valorada, para o que se pretende a subvención e orzamento pormenorizado dos gastos e ingresos a realizar pa a súa execución, así como o seu sistema de financiamento.

Sistemas de seguimento e autoavaliación da execución do proxecto, de acordo co sinalado ao efecto na convocatoria.

Declaración responsable das subvencións recibidas de institucións públicas ou privadas para o mesmo proxecto.

Declaración do representante legal da entidade de no encontrarse inhabilitado para contratar coas AA.PP. o para obter subvención das mesmas e de encontrarse facultado para actuar no nome da entidade.

Declaración baixo xuramento de non ser debedor da

Facenda Pública, Autonómica, e Deputación Provincial, e de estar o corrente das obrigas coa Seguridade Social.

Declaración de estar ao corrente do pago de todo tipo de obrigas fiscales.

Copia do CIF, da entidade solicitante da subvención.

Datos da entidade bancaria a que se ha de transferir o importe da subvención que puidera concederse.

No suposto que se trata de persoas físicas o xurídicas, as comunidades de bens o colectivos cidadáns que, aun carecendo de personalidade xurídica, podan levar a cabo proxectos, actividades o encóntrense na situación que motiva a concesión da subvención, ademais presentaran:

Datos persoales do representante do colectivo (nome e apelidos, fotocopia do DNI ó NIF, domicilio, teléfono, etc.).

Relación nominal, con su aceptación expresa, das persoas que integran o proxecto.

Datos da conta bancaria mancomunada con ao menos tres titulares.

Base 8. Criterios de adxudicación.

Os criterios obxectivos aos que haberá de axustarse a concesión das subvencións serán os seguintes.

a).- Inexistencia ou insuficiencia de cobertura pública ou privada para dar satisfacción real á necesidade á que se dirixen.

b).- A información dispoñible na Deputación Provincial sobre a situación e necesidade de actuacións, así como as prioridades nos proxectos presentados, en relación cos sectores de poboación destinatarios, na respectiva convocatoria na zona na que desenvolverá a actuación.

c).- Número de veciños beneficiados pola obra.

d).- Viabilidade do proxecto e do plan orzamentario.

e).- A adecuación do custo das actuacións e a participación dos solicitantes no financiamento da mesma.

f).- Grao de execución e correcto cumprimento das obrigas derivadas de actuacións subvencionadas con anterioridade.

g).- Que as actuacións proxectadas se refiran a servizos de obrigatoria prestación en todos os termos municipais que se establezan ou completen os existentes no termo municipal.

h).- Que as actuacións proxectadas teñan un marcado interese comunitario de forma que reforen a estrutura social e supoñan un beneficio colectivo para o interese de todos os cidadáns do municipio.

Base 9. Comisión de valoración.

Para a valoración dos proxectos constituirase unha "comisión de valoración", cuxa composición será a seguinte:

PRESIDENTE:

O Ilmo. Sr. Presidente dá Deputación Provincial ou Deputado en quen delegue ou substitúa legalmente.

VOCAIS:

a). Un representante do grupo provincial do PSOE.

b). Un representante do grupo provincial do BNG.

c). Un representante do grupo provincial do PP.

d). O Deputado delegado de ordenación e asistencia aos municipios.

e). O Secretario Xeral da Corporación ou funcionario en que delegue ou o substitúa.

f). A interventora Xeral da Corporación ou funcionario en que delegue ou a substitúa.

SECRETARIO:

O Secretario Xeral adxunto ou funcionario en que delegue ou o substitúa.

O Presidente da Comisión poderá dispor a presenza doutros membros con funcións de asesoramento.

Corresponde á comisión de valoración formular a proposta de resolución. A proposta, que non terá carácter vinculante, deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, expresando os criterios de valoración seguidos para efectuala.

Base 10. Resolución.

Será competente para resolver as solicitudes de subvención a Xunta de Goberno. O prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención será de tres meses contados a partir do día da conclusión do prazo establecido na convocatoria para presentalas e o silencio da administración terá carácter desestimatorio.

Non se concederá subvención algunha hasta en tanto no foran xustificadas adecuadamente subvencións anteriores.

Base 11. Prazos de execución.

O prazo máximo de execución da actividade ou comportamento subvencionado será ó 30 de setembro de 2009 (30/09/09).

En casos excepcionais, a entidade beneficiaria, poderá solicitar unha ampliación do prazo sempre que a actividade, acción ou comportamento a xustificar non concluíra pola propia natureza da mesma, sendo a súa resolución adoptada pola Presidencia desta Deputación Provincial. Dicha ampliación non superará a data de 30 de novembro de 2009 (30/11/09).

Base 12. Xustificación das subvencións, e requisitos que haberán de reunir as facturas.

As asociacións o entidades perceptoras destas subvencións, deberá xustificar, en todo caso, y, si es preciso, a requirimento dos servizos técnicos competentes, a aplicación dos fondos percibidos, no prazo máximo de tres meses, contados desde a data inicialmente prevista para a finalización do proxecto o actividade que se

subvenciona. No suposto de que, as Asociacións o entidades receptoras da subvención tiveran outorgado ampliación de prazo para a súa execución, a xustificación será no prazo dun mes.

A rendición da xustificación constitulle un acto obrigatorio do beneficiario.

O importe total que deberá executarse será como mínimo igual ao presuposto que consta no correspondente expediente da petición. En todo caso, o importe da subvención deberá xustificarse, obrigatoriamente, mediante facturas o documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil o con eficacia administrativa, o certificación de obra expedida por técnico competente.

No suposto de que, a citada xustificación non cumprira co sinalado no apartado anterior, procederáse ao reaxuste do importe da subvención, minorando a mesma.

O órgano competente dispondrá da confección dun informe técnico acerca do grado de cumprimento dos fines para os cales concedeuse a subvención e a adecuación aos mesmos dos gastos realizados, de conformidade con o que establezcase, en cada caso, na convocatoria.

De no formalizarse o proxecto o actividade na data sinalada, deberá solicitarse de forma escrita, polo beneficiario, a ampliación do prazo do xustificación, con indicación da data do mesmo, que no poderá exceder de un mes.

Para a acreditación do proxecto ou actividade subvencionada, deberá presentarse:

a). Memoria da realización da totalidade do proxecto ou actividade conforme o orzamento, con expresa mención dos resultados obtidos, deducidos da aplicación dos sistemas de seguimento e autoavaliación propostos coa solicitude.

b). Certificación, expedida polo receptor de que foi cumprida a finalidade para a cal otorgouse a subvención, conforme ao proxecto presentado.

c). Conta xustificativa dos gastos realizados que axustaranse aos seguintes requisitos:

Incluirá, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

Comprenderá unha declaración das actividades realizadas que foron financiadas coa subvención e o seu custo, con desagregación de cada un dos gastos en que incorreron.

Para xustificar os gastos xerais das obras, bens e servizos, aportaranse as correspondentes facturas orixinais e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil o con eficacia administrativa, ou certificacións de obra, expedida por técnico coa titulación competente. As facturas orixinais e fotocopias, que serán dilixenciadas polo servizo

responsable da subvención, poderán ser devoltas aos interesados que o soliciten, no seu caso, a maior brevidade posible. Nas facturas se deixará constancia de que foron utilizadas como xustificante da subvención percibida, especificando a súa utilización para á xustificación da subvención da convocatoria correspondente. En todo caso, as facturas haberán de estar fechadas no exercicio económico para o cal fora concedida a subvención. Excepcionalmente, poderán aceptarse facturas con datas distintas as inicialmente previstas, coa autorización do órgano competente. Os gastos de persoal, axudas de custo, etc. xustificaranse a través das nóminas. E os restantes gastos subvencionables mediante facturas ou certificacións, e outros documentos de valor probatorio no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

Cando as actividades foran financiadas, ademais, con outros fondos ou recursos, acreditarase tamén a aplicación de tales fondos as actividades subvencionadas.

No suposto de adquisición de bens inmoables, deberá aportarse, ademais, certificado de taxador independente debidamente acreditado ou inscrito no correspondente rexistro oficial.

d). Cando o importe dos gastos subvencionables supere a contía de 30.000,00 euros de custo por execución da obra, o beneficiario deberá acreditar como mínimo tres orzamentos e os criterios de elección deberán razoarse con base en criterios de eficiencia e economía. No suposto de subministro de bens de equipo o prestación de servizos por empresa de consultoría o asistencia técnica, a contía será de 12.000,00 euros.

e). Declaración da existencia, no lugar onde radique a obra subvencionada, de cartel indicativo da mesma, o cal lle será facilitado pola Deputación Provincial.

f). Acreditar, mediante certificacións expedidas ao efecto polos Organismo correspondentes, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado e Comunidade Autónoma); Seguridade Social, e Deputación Provincial.

g). Dato de unha conta bancaria mancomunada con polo menos tres titulares, de ser colectivos cidadáns sen personalidade xurídica, ó de conta da asociación de estar esta legalmente constituída, expedida pola entidade bancaria.

h). Declaración baixo xuramento e a súa responsabilidade, do representante da entidade, de:

- Que os investimentos en materiais e prestacións relacionados no documento de clasificación de gastos subvencionables, foron empregados nas obras.- Que, en ningún caso, o custo da adquisición dos gastos subvencionables foi superior ao valor do mercado.- Que o importe da subvención ou axuda económica, obtida da Excm. Deputación Provincial, non superou, illadamente o en concorrencia con outras, de Administracións ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da obra realizada.- Que non existiu alteración durante a realización da obra, das condicións tidas en

conta, para a concesión da subvención outorgada.- Que a entidade que representa non ten pendente de xustificación subvencións anteriores concedidas pola Deputación Provincial.

i). Declaración baixo xuramente e a súa responsabilidade, do representante da entidade, de as subvencións ou axudas por outras administracións públicas ou outras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma obra.

Base 13. Pago da subvención.

O pago da subvención realizarase, previa xustificación polo beneficiario da realización do proxecto para o que se concedeu e dos informes correspondentes dos servizos desta Deputación Provincial, unha vez aprobada a conta xustificativa.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

Non se poderá realizar o pago da subvención mentres o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou mentres sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Base 14. Gastos subvencionables.

De conformidade co disposto no artigo 23 da ordenanza xeral de subvencións, os gastos subvencionables conceptuaranse da forma a nas condicións establecidas no devandito artigo e, en concreto, serán subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada. Asemade, tal como dispón o devandito precepto, en ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Considerarase gasto subvencionable aquél referido actividade subvencionada aínda que non fora efectivamente pagado con anterioridade a data de xustificación.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- Os intereses debedores das contas bancarias.
- Intereses, recargas e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.

Base 15. Réxime xurídico.

En todo o non contemplado nestas bases estarase ao disposto en:

- a). A Lei estatal 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- b). Real Decreto 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Subvencións.
- c). Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- d). A ordenanza xeral de subvencións da Excm.

Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005.

e). O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial.

f). Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación Provincial vixentes no momento da concesión.

LUGO, 25 de febreiro de 2009.- O Presidente, José Ramón Gómez Besteiro.- O Secretario, Faustino Martínez Fernández.

ANUNCIO DE CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO DE CONCURRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIONS A ENTIDADES ASOCIATIVAS, AGRUPACIONES E ASOCIACIONES DE VECIÑOS PARA A REALIZACION DE OBRAS E ESTABLECEMENTO, AMPLIACION E MELLORA DE SERVICIOS DE INTERESE VECIÑAL - ANO 2009.

1.- Entidade adxudicadora.

a).- Organismo: Excm. Deputación Provincial de Lugo. Xunta de Goberno.

b).- Departamento que tramita o expediente: Área de Cooperación aos Concellos (Unidade de Plans Especiais).

2.- Obxecto e finalidade.

A presente convocatoria ten como finalidade articular axudas a comunidades veciñais, agrupacións ou asociación de veciños para a realización de obras de acondicionamento no medio urbano e rural. Para tales efectos as obras referiranse á execución de pequenos abastecementos de auga potable, saneamentos, pavimentacións, rede de sumidoiros, iluminacións públicas, acondicionamento de camiños rurais, instalación de pequenos repetidores de TV, arranxo e acondicionamento de capelas, fontes, hórreos, muíños, obras de acondicionamento e arranxo de locais sociais, así como pequenas infraestruturas deportivas e outras análogas.

3.- Peticionarios.

Poderán ser perceptores das subvencións, as asociacións de veciños e colectivos cidadáns que o soliciten sempre que reúnan os seguintes requisitos:

a).- Ser asociacións de veciños ou colectivos veciñais, sen ánimo de lucro.

b).- Desenvolver a súa actividade e solicitar a subvención para a execución das obras en calquera municipio de provincia de Lugo.

4.- Réxime de concorrencia.

As subvencións ás que se refire a presente convocatoria será en réxime de concorrencia competitiva.

5.- Orzamento.

A contía global destinada a esta actuación, para a anualidade 2009, ascende a cantidade de 2.200.000,00 euros (partida orzamentaria 511.2.788).

6.- Contía da subvención.

A contía de cada subvención individualmente concedida non poderá superar a cantidade de doce mil euros (12.000,00 euros) e non poderá exceder do 75 por 100 do importe da actividade subvencionable.

7.- Solicitudes; presentación das mesmas e prazos, lugar de presentación e órgano ao que se dirixe a petición. Documentación a presentar.

Un exemplar da solicitude, xunto coa documentación que se acompañe, presentaranse no Rexistro Xeral desta Deputación Provincial, quedando outro exemplar en posesión dos interesados, e serán dirixidos a Presidencia desta Deputación Provincial. Así mesmo podrán selo en os Organismo regulamentariamente establecidos ao efecto, anunciando la remisión da solicitude mediante fax, telex o telegrama, en o mesmo prazo.

Fecha límite de presentación das solicitudes: 20 de abril de 2009.

- Proxecto concreto ou memoria valorada, para o que se pretende a subvención e orzamento pormenorizado dos gastos e ingresos a realizar para a súa execución, así como o seu sistema de financiamento.

- Sistemas de seguimento e autoavaliación da execución do proxecto.

- Declaración responsable das subvencións recibidas de institucións públicas o privadas para o mesmo proxecto.

- Declaración do representante legal da entidade de non encontrarse inhabilitado para contratar coas AA.PP. o para obter subvencións das mesmas e de encontrarse facultado para actuar no nome da entidade.

- Declaración baixo xuramento de non ser debedor da Facenda Pública, Autonómica, e Deputación Provincial, e de estar o corrente das obrigas coa Seguridade Social

- Declaración de estar ao corrente do pago de todo tipo de obrigas fiscales.

- Copia do CI., da entidade solicitante da subvención.

- Datos da entidade bancaria a que se ha transferir o importe da subvención que puidera concederse.

No suposto que se trate de persoas físicas o xurídicas, as comunidades de bens o colectivos cidadáns que, aínda carecendo de personalidade xurídica, podan levar a cabo proxectos, actividades o encóntrense na situación que motiva a concesión da subvención, ademais presentaran:

- Datos persoales do representante do colectivo (nome e apelidos, fotocopia do DNI ó NIF, domicilio, teléfono, etc.).

- Relación nominal, con su aceptación expresa, das

persoas que integran o proxecto.

- Datos da conta bancaria mancomunada con ao menos tres titulares.

8.- Resolución.

Será competente para resolver as solicitudes de subvención a Xunta de Goberno. O prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención será de tres (3) meses contados a partir do día da conclusión do prazo establecido na convocatoria para presentalas e o silencio da administración terá carácter desestimatorio.

Non se concederá subvención algunha hasta en tanto no foran xustificadas adecuadamente subvencións anteriores.

9.- Dereitos e obrigas dos perceptores das subvencións.

A entidade ou colectivo perceptor da subvención terá os dereitos e obrigas seguintes, de conformidade co sinalado ao efecto na ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo.

- Terán dereito a pedir e obter, en todo momento, o apoio e a colaboración da entidade local na realización da actividade o proxecto.

Os perceptores da subvención están obrigados a:

- Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen, a esta Deputación Provincial, no prazo máximo de quince días, a partir da notificación do outorgamento, a renuncia, entenderase que a subvención é aceptada.

- Realizar a actividade para a que foi concedida a subvención, axustándose aos termos do proxecto.

- Acreditar perante esta Deputación Provincial a realización da actividade e cumprir cós requisitos e condicións que determinaron a concesión da axuda.

- Someterse as actuacións de comprobación e facilitar os datos que se lle requiran.

- Dar conta das modificacións que poidan xurdir na realización do proxecto, xustificándoas adecuadamente.

- Comunicar, tan pronto como se coñeza, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de outras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.

- Xustificar adecuadamente a subvención na forma que se prevé nas bases.

- Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se encuentre ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fonte a Seguridade Social.

- Dispoñer de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras da subvención, coa

finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control. En todo caso, deberán dispoñer dos xustificantes das contas de gastos e pagos.

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, entanto podan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, e durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.

- Facer constar expresamente o patrocinio da Deputación Provincial en todos os medios utilizados para a divulgación das obras subvencionadas.

10.- Prazos de execución.

O prazo máximo de execución da actividade ou comportamento subvencionado será ó 30 de setembro de 2009 (30/09/09).

En casos excepcionais, poderase solicitar unha ampliación do prazo sempre que a actividade, acción ou comportamento a xustificar non concluíra pola propia natureza da mesma, sendo a súa resolución adoptada pola Presidencia desta Deputación Provincial. Dicha ampliación non superará a data de 30 de novembro de 2009 (30/11/09).

11.- Prazo de xustificación das subvencións.

As asociacións o entidades receptoras destas subvencións, deberá xustificar, en todo caso y, si es preciso, a requirimento dos servizos técnicos competentes, a aplicación dos fondos percibidos, no prazo máximo de tres meses, contados desde a data inicialmente prevista para a finalización do proxecto o actividade que se subvenciona. No suposto de que, as asociacións o entidades receptoras da subvención tuberan outorgado ampliación de prazo para a súa execución, a xustificación será no prazo dun mes.

12.- Documentación xustificativa das subvencións.

A rendición da xustificación constitulle un acto obrigatorio do beneficiario.

Para a acreditación do proxecto ou actividade subvencionada, deberá presentarse:

a). Memoria da realización da totalidade do proxecto ou actividade conforme o orzamento, con expresa mención dos resultados obtidos, deducidos da aplicación dos sistemas de seguimento e autoavaliación propostos coa solicitude.

b). Certificación, expedida polo receptor, de que foi cumprida a finalidade para a cal otorgouse a subvención, conforme ao proxecto presentado.

c). Conta xustificativa dos gastos realizados que axustaranse aos seguintes requisitos:

- Incluirá, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento do abxecto da subvención.

- Comprenderá unha declaración das actividades realizadas que foron financiadas coa subvención e o seu custo, con desagregación de cada un dos gastos en que incorreron.

- Para xustificar os gastos xerais das obras, bens e servizos, aportaranse as correspondentes facturas orixinais e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil o con eficacia administrativa, ou certificacións de obra, expedida por técnico coa titulación competente. As facturas orixinais e fotocopias, que serán dilixenciadas polo servizo responsable da subvención, poderán ser devoltas aos interesados que o soliciten, no seu caso, a maior brevidade posible. Nas facturas se deixará constancia de que foron utilizadas como xustificante da subvención percibida, especificando a súa utilización para á xustificación da subvención da convocatoria correspondente. En todo caso, as facturas haberán de estar fechadas no exercicio económico para o cal fora concedida a subvención. Excepcionalmente, poderán aceptarse facturas con datas distintas as inicialmente previstas, coa autorización do órgano competente. Os gastos de persoal, axudas de custo, etc. xustificaranse a través de nómina. E os restantes gastos subvencionables mediante facturas ou certificacións, e outros documentos de valor probatorio no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Cando as actividades foran financiadas, ademais, con outros fondos ou recursos, acreditarase tamén a aplicación de tales fondos as actividades subvencionadas.

- No suposto de adquisición de bens inmoables, deberá aportarse, ademais, certificado de taxador independente debidamente acreditado ou inscrito no correspondente rexistro oficial.

d). Cando o importe dos gastos subvencionables supere a contía de 30.000,00 euros de custo por execución da obra, o beneficiario deberá acreditar como mínimo tres orzamentos e os criterios de elección deberanse razoar con base en criterios de eficiencia e economía. No suposto de subministro de bens de equipo o prestación de servizos por empresa de consultoría o asistencia técnica, a contía será de 12.000,00 euros.

e). Declaración da existencia, no lugar onde radique a obra subvencionada, de cartel indicativo da mesma, o cal lle será facilitado pola Deputación Provincial.

f). Acreditar, mediante certificacións expedidas ao efecto polos Organismos correspondentes, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas (Estado e Comunidade Autónoma); Seguridade Social, e Deputación Provincial.

g). Dato de unha conta bancaria mancomunada con polo menos tres titulares, de ser colectivos cidadáns sen personalidade xurídica, ó de conta da asociación de estar esta legalmente constituída, expedida pola entidade bancaria.

h). Declaración baixo xuramento e a súa responsabilidade, do representante da entidade, de:

- Que os investimentos en materiais e prestación relacionados no documento de clasificación de gastos subvencionables, foron empregados nas obras.- Que, en ningún caso, o custo da adquisición dos gastos subvencionables foi superior ao valor do mercado.- Que o importe da subvención o axuda económica, obtida da Deputación Provincial, non superou, illadamente o en concorrencia con outras, de Administracións ou de Entes Públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da obra realizada.- Que non existiu alteración durante a realización da obra, das condicións tidas en conta, para a concesión da subvención outorgada.- Que a entidade que representa non ten pendente de xustificación subvencións anteriores concedidas pola Deputación Provincial.

i). Declaración baixo xuramento e a súa responsabilidade, do representante da entidade, de as subvencións ou axudas por outras administracións públicas ou outras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma obra.

13.- Gastos subvencionables.

De conformidade co disposto no artigo 23 da Ordenanza xeral de subvencións, os gastos subvencionables conceptuaranse da forma e nas condicións establecidas no devandito artigo e, en concreto, serán subvencionables aqueles que de xeito indubitado responden á natureza da actividade subvencionada. Asemade, tal como dispón o devandito precepto, en ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Considerarase gasto subvencionable aquel referido actividade subvencionada aínda que non fora efectivamente pagado con anterioridade a data de xustificación.

En ningún caso serán gastos subvencionables: - Os intereses debedores das contas bancarias.- Intereses, recargas e sancións administrativas e penais.- Os gastos de procedementos xudiciais.

14.- Obtención dos impresos de solicitudes e información.

a).- Entidade: Excma. Deputación Provincial de Lugo. Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos (Unidade de Plans Especiais).

b).- Enderezo: Rúa San Marcos, número 8.

c).- Localidade e código postal: Lugo - 27001.

d).- Teléfono: 982.26.00.82 - 85.

e).- Fax: 982.26.01.67.

f).- Data límite de obtención dos impresos e información: Día anterior á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Así mesmo poderase consultar e obter os impresos e información na páxina web da Deputación Provincial de Lugo, www.deputacionlugo.org (Áreas de actuación - Cooperación cos Concellos).

LUGO, 2 de marzo de 2009.- O Presidente, José Ramón Gómez Besteiro.- O Secretario, Faustino Martínez Fernández.

R. 01165

Servizo de Xestión Tributaria e Recadación

Anuncio

ASUNTO:

Citación para notificación, por comparecencia, de título executivo en procedemento de construximento, ao abeiro do artigo 112 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

CONCEPTO:

Varios

ÓRGANO RESPONSABLE DA TRAMITACIÓN:

Tesourería-Servizo de Xestión Tributaria e Recadación.

LUGAR E HORA ONDE SE DEBE COMPARECER:

Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, rúa Tui, nº 5 baixo, Lugo, en días laborables, de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas.

PRAZO:

Quince días naturais contados dende o seguinte a esta publicación.

EFFECTOS DA FALTA DE COMPARECENCIA DO INTERESADO OU DO SEU REPRESENTANTE:

Para todos os efectos legais, o acto entenderase notificado dende o día seguinte ao vencemento do prazo sinalado.

CONCELLO: 057 - SARRIA.

CONCEPTO: 000090 - MULTAS.

NOMBRE	NIF	RECIBO	EJERCICIO	PERIODO
ALVAREZ GONZALEZ JOSE ANTONIO	00545480	800004143	2006	00
ARIAS NEIRA MARIA SOLEDAD	33306560	800004144	2006	00
ESMORIS DOMINGUEZ ARMINDO	32369382X	800004151	2005	00
GONZALEZ GARCIA MANUEL	34158369	800004161	2006	00
JIMENEZ JIMENEZ ANTONIO	76723984	800004166	2005	00
LOPEZ LOPEZ IVAN	34259430	800004175	2006	00
LOPEZ LOPEZ JOSE LUIS	76622654	800004176	2006	00
LOPEZ LOPEZ MARCOS GABRIEL	76620817C	800004177	2006	00
LOPEZ PEREZ MANUEL	34217241	800004178	2006	00
LOPEZ SANCHEZ MIGUEL ANGEL	34258888	800004179	2005	00
LOPEZ SOBRADO CARMEN	X1817090K	800004180	2006	00
LOPEZ VAZQUEZ JOSE LUIS NILO	76608760	800004181	2006	00
MORALES MALDONADO LUIS	X1762857E	800004183	2006	00
PUMAREGA LOPEZ JOSE	33807237C	800004187	2006	00
VILLAR DIAZ JOSE ALBERTO	76618826F	800004204	2006	00

En Lugo, 23 de febrero de 2009.- O Tesoureiro, ilexible.

—
Anuncio

ASUNTO:

Citación para notificación, por comparecencia, de título executivo en procedemento de constriximento, ao abeiro do artigo 112 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

CONCEPTO:

Varios.

ÓRGANO RESPONSABLE DA TRAMITACIÓN:

Tesourería-Servizo de Xestión Tributaria e Recadación.

LUGAR E HORA ONDE SE DEBE COMPARECER:

Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, rúa Tui, nº 5 baixo, Lugo, en días laborables, de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas.

PRAZO:

Quince días naturais contados dende o seguinte a esta publicación.

EFFECTOS DA FALTA DE COMPARECENCIA DO INTERESADO OU DO SEU REPRESENTANTE:

Para todos os efectos legais, o acto entenderase notificado dende o día seguinte ao vencemento do prazo sinalado.

CONCELLO: 065 - VILALBA.

CONCEPTO: 000090 - MULTAS.

NOMBRE	NIF	RECIBO	EJERCICIO	PERIODO
PINTOS RUIBAL JACOB	76823253X	800005697	2007	00
SAAVEDRA GARCIA ANTONIO	76572218C	800005699	2007	00

En Lugo, 20 de febrero de 2009.- O Tesoureiro, ilexible.

Anuncio

ASUNTO:

Citación para notificación, por comparecencia, de título executivo en procedemento de constriximento, ao abeiro do artigo 112 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

CONCEPTO:

Varios.

ÓRGANO RESPONSABLE DA TRAMITACIÓN:

Tesourería-Servizo de Xestión Tributaria e Recadación.

LUGAR E HORA ONDE SE DEBE COMPARECER:

Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, rúa Tui, nº 5 baixo, Lugo, en días laborables, de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas.

PRAZO:

Quince días naturais contados dende o seguinte a esta publicación.

EFECTOS DA FALTA DE COMPARECENCIA DO INTERESADO OU DO SEU REPRESENTANTE:

Para todos os efectos legais, o acto entenderase notificado dende o día seguinte ao vencemento do prazo sinalado.

CONCELLO: 030 - MONDOÑEDO.

CONCEPTO: 000090 - MULTAS.

NOMBRE	NIF	RECIBO	EJERCICIO	PERIODO
FERNANDEZ VEIGA EUGENIA	33846611H	800004129	2006	00
PUCHOL INCERTIS MARTA PALOMA	DES000004	800004137	2006	00

En Lugo, 20 de febrero de 2009.- O Tesoureiro, ilexible.

Anuncio

ASUNTO:

Citación para notificación, por comparecencia, de título executivo en procedemento de constriximento, ao abeiro do artigo 112 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

CONCEPTO:

Varios.

ÓRGANO RESPONSABLE DA TRAMITACIÓN:

Tesourería-Servizo de Xestión Tributaria e Recadación.

LUGAR E HORA ONDE SE DEBE COMPARECER:

Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, rúa Tui, nº 5 baixo, Lugo, en días laborables, de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas.

PRAZO:

Quince días naturais contados dende o seguinte a esta publicación.

EFECTOS DA FALTA DE COMPARECENCIA DO INTERESADO OU DO SEU REPRESENTANTE:

Para todos os efectos legais, o acto entenderase notificado dende o día seguinte ao vencemento do prazo sinalado.

CONCELLO: 065 - VILALBA.

CONCEPTO: 000090 - MULTAS.

NOMBRE	NIF	RECIBO	EJERCICIO	PERIODO
CABADO ALVARIÑO LUIS MIGUEL	33547169	800005705	2008	00
ISIDORO FRAGA, S.L.	B27286624	800005716	2008	00
MAHAMED FAOU	X6081116P	800005717	2008	00
MIRAGAYA LOPEZ JOSE Mª	76581476	800005719	2008	00
MIRAGAYA LOPEZ JOSE MANUEL	76581476	800005720	2008	00

En Lugo, 23 de febrero de 2009.- O Tesoureiro, ilexible.

—
Anuncio

ASUNTO:

Citación para notificación, por comparecencia, de título executivo en procedemento de constriximento, ao abeiro do artigo 112 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

CONCEPTO:

Varios.

ÓRGANO RESPONSABLE DA TRAMITACIÓN:

Tesourería-Servizo de Xestión Tributaria e Recadación.

LUGAR E HORA ONDE SE DEBE COMPARECER:

Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, rúa Tui, nº 5 baixo, Lugo, en días laborables, de luns a venres, de 9:00 14:00 horas.

PRAZO:

Quince días naturais contados dende o seguinte a esta publicación.

EFFECTOS DA FALTA DE COMPARECENCIA DO INTERESADO OU DO SEU REPRESENTANTE:

Para todos os efectos legais, o acto entenderase notificado dende o día seguinte ao vencemento do prazo sinalado.

CONCELLO: 065 - VILALBA.

CONCEPTO: 000090 - MULTAS.

NOMBRE	NIF	RECIBO	EJERCICIO	PERIODO
CARRASCO DOMINGUEZ RAUL	33305997	800001369	2007	00
CARRASCO DOMINGUEZ RAUL	33305997	800001368	2007	00
CARRASCO DOMINGUEZ RAUL	33305997	800001367	2007	00
CARRASCO DOMINGUEZ RAUL	33305977	800001370	2007	00
CARREIRAS GALDO LINA	33323089E	800001371	2007	00
CONSTRUCCIONES PROQUEIJA, S.L.	B27310846	800001372	2007	00
DIAZ PUMARES JOSE MANUEL	33330202M	800001374	2007	00
EZPELETA ARAIZOZ Mª AMAYA	15834392	800001376	2007	00
GIL GONZALEZ ABEL	02662894T	800001382	2007	00
GOMEZ EXPOSITO JOSE	33303034	800001383	2007	00
LAMAS PITA Mª AMPARO	33857470	800001387	2007	00
LAMAZARES VAZQUEZ MARIA GUADALUPE	76616933	800001388	2007	00
SEIJO MATO JOSE	32448268	800001399	2007	00

En Lugo, 23 de febrero de 2009.- O Tesoureiro, ilexible.

AYUNTAMIENTOS

LUGO

Anuncio

Por Decreto nº 133/2009 do 26 de febreiro, da tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego, aprobouse o proxecto técnico, o prego de cláusulas administrativas particulares, o gasto, a adxudicación por procedemento aberto e tramitación urgente, así como a apertura do procedemento de adxudicación para a realización das obras de CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO DESTINADO A CASA DA XUVENTUDE, SITO EN SAN FIZ, NA PARCELA 10, MANZANA B, DO PLAN PARCIAL DE ORDENACIÓN DO SECTOR SUR-K (FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL).

Por medio deste anuncio dase a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

